



**CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DE REPRESENTANTES
DE NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

De conformidade co establecido na *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un pai/nai**, dun total de doz que debe ter o Consello Escolar.

2. Son **electores/as** todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente, que a partir de hoxe está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro.

3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría da escola. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 16 de novembro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral será realizado pola Xunta Electoral o día 17 de novembro na sala de mestras do Centro. Dita mesa electoral estará composta pola Directora que actuará como Presidenta, e catro pais/nais, actuando de secretario o de menor idade.

5. As votacións realizaranse o día **24 de novembro, de 9:00 a 9:40 e de 13:30 a 14:10**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:45 horas.

6. Na papeleta de votación cada elector fará constar **só un nome** dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar mediante DNI ou similar. O voto será directo, segredo e non delegable, e non se admitirá voto por correo.

7. Teñen dereito ao voto **o pai E a nai** ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.

8. Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan presentar.

A DIRECTORA E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL
Marta Carracedo Mini



Vigo, 8 de novembro de 2021